



## BANDO DA ALCALDÍA

Rafael C. Sisto Edreira, Alcalde do Concello de Teo, seguindo as instrucións publicadas pola Xunta de Galicia no DOG de onte para intentar frear o coronavirus (COVID-19) e minimizar o seu impacto, comunica os acordos adoptados pola administración municipal e

### FAI SABER:

Que tomando en consideración o acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 12 de marzo, de medidas preventivas en materia de saúde pública, procédere ao peche dende o luns 16 de marzo, por un período mínimo de 14 días, das escolas infantís de Calo, A Ramallosa e Os Tilos, das bibliotecas municipais de O Grilo e Os Tilos, e de todas as Casas Comúns do concello.

Que quedan suspendidas dende o luns 16 de marzo e por un período mínimo de 14 días naturais, as actividades das escolas municipais culturais e das escolas municipais deportivas, as actividades terapéuticas de persoas con deterioro cognitivo e de envellecemento activo (actividade física, pintura, encaixe,...) e, en xeral, calquera actividade xestionada polo concello que favoreza a concentración de persoas. Mantense aberta, de forma provisional pero adoptando as medidas restritivas de aforo e separación previstas no DOG, a instalación da piscina e ximnasio municipal da Ramallosa, se ben se aconsella reducir o seu uso a casos de necesidade.

Que se recomenda á cidadanía que non acuda aos servizos de atención ao público municipais agás que sexa estritamente necesario, xa que os servizos funcionarán prioritariamente mediante xestión telefónica a través do 981 815 700. Do mesmo xeito, recoméndase o uso dos correos electrónicos dos distintos departamentos para poder realizar xestións non presenciais: [servizosxerais@teo.gal](mailto:servizosxerais@teo.gal); [alcaldia@teo.gal](mailto:alcaldia@teo.gal); [urbanismo@teo.gal](mailto:urbanismo@teo.gal); [medioambiente@teo.gal](mailto:medioambiente@teo.gal); [servizosocial@teo.gal](mailto:servizosocial@teo.gal); [cultura@teo.gal](mailto:cultura@teo.gal); [reservas.casas.comuns@teo.gal](mailto:reservas.casas.comuns@teo.gal); [intervencion@teo.gal](mailto:intervencion@teo.gal), [deportes@teo.gal](mailto:deportes@teo.gal).

A Policia Local (606 984 838) e o Rexistro municipal permanecerán abertos ao público, pero lembrese que o Concello conta con sede electrónica para realizar a tramitación a través da web municipal [www.teo.gal](http://www.teo.gal). No caso de ter que acudir ao Rexistro municipal ou a calquera cita concertada no resto dos servizos, prégase que se atendan de forma estrita as medidas de seguridade que se anuncian nas distintas dependencias.

Por último, recoméndase que se sigan as instrucións ditadas polo Ministerio e a Consellería de Sanidade, e no caso de ter algún síntoma contactar co 900 400 116. O concello pide a máxima colaboración da veciñanza seguindo estritamente as recomendacións das autoridades sanitarias e administrativas.

En Teo, a 13 de marzo de 2020